

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de decembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, por substitución do Vicesecretario accidental, don Rafael José del Barrio Berbel, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DA ALCALDÍA

1. ACTAS E GOBERNO.- Aprobouse a rectificación do erro na secuencia numérica e cronolóxica das Actas da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo, 15 e 29 de xuño e 10 de agosto de 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a contratación do servizo de mantemento e conservación de zonas verdes e arboredo urbano no Concello de Lugo. Exp. ref. 2021/C003/000019. Adxudicación

Aprobouse a cuarta prórroga do contrato para a prestación do servizo de vixilancia no centro social e cultura do Vello Cárcere (dende o 31-12-2022 ao 30-12-2023). Exp. Ref. 2018-33. Expdte Tecol: 2021/C005/000044.

Aprobouse a contratación do servizo de limpeza de centros, dependencias e Ceips do Concello de Lugo, a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp.ref. 2022/C003/000024

Declarouse deserta a contratación de subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais. Exp. Ref: 2022/C004/000023.

Aprobouse a contratación da obra de "Renovación de instalación de

ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac4663845411848695280.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-12-2022

alumeado nas rúas das Hermanitas, Río Neira, Cidade de Vigo, Abogado Pedro González López, Dinán e Praza de Bretaña” a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C002-000033.

Aprobouse a adxudicación da contratación da obra de humanización da rúa Aquilino Iglesias Alvaríño. Exp. Ref. 2022-C002-000021.

Aprobouse a adxudicación do contrato mixto de redacción do proxecto, execución de obra e da dirección facultativa para a demolición do edificio e da urbanización no ámbito do URBPI-58 (antiga UA CS5) así como restitución ao estado orixinal dos terreos. Exp. Ref. 2022-C002-000018.

Aprobouse a contratación dun servizo de cocíña, comedor e lavandería para a escola infantil “Gregorio Sanz” do Concello de Lugo, a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C003-000038.

Aprobouse a primeira prórroga do contrato 2022-2023 dos seguros de danos a bens mobles e inmobles (Lote 2). Exp. 2021/C003/000030.

Aprobouse adxudicar a contratación do subministración e implantación dunha plataforma de xestión integral dos Servizos Sociais do Concello de Lugo dentro da Estratexia DUSI-MURAMIÑAE DA MURALLA AO MIÑO. Código de proxecto: 16DUSI001 incluído no programa operativo FEDER Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiación do 80%. Exp. Ref.2022-C004-000021.

3. PERSOAL.- Aprobáronse as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de encargado/a de mercados pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, OEP 2020.

Aprobáronse as bases específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas de oficial sepultureiro/a pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna OEP 2020 e OEP 2021.

4. FACENDA LOCAL.- Acordouse denegar a solicitude de devolución da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e devolver a cantidade ingresada e incluída na liquidación provisional polo concepto de imposto de construcións, instalacións e obras correspondentes á licenza urbanística número 25/208.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

5. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobose a licenza para a mellora das condicións de accesibilidade ao portal e ascensor en edificio de vivendas existente mediante eliminación de peldaños no portal e reestructuración do tramo de escaleiras ata a primeira plan, na Ronda República Argentina, número 2 (Expte: 2022/Y001/000172).

6. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Declarouse a ruína técnica do inbole sito no número 21 do Carril das Encrucilladas. R-193.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

7. CULTURA.- Aprobose convalidar o gasto relativo á factura presentada por unha empresa, relativa ao aluguer de dotación técnica de escenario, iluminación, son e persoal, para a necesidades de produción do festival benéfico de ALUCEM do 23 de setembro de 2022, na Praza da Mosqueira.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.